

FICHA TÉCNICA
DENOMINACIÓN DE ORIXE PROTEXIDA
SAN SIMÓN DA COSTA

Creación: Orde do 20 de abril de 1999 pola que se recoñece a denominación de orixe Queixo de San Simón da Costa e se nomea o seu consello regulador provisional (DOG 04.05.1999).

Regulamentación: Regulamento aprobado pola Orde do 15 de febreiro de 2017 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe protexida San Simón da Costa e do seu Consello Regulador. Rexistrada como denominación de orixe protexida polo Regulamento (CE) 1229/08 da Comisión, do 10 de decembro (DOUE 11-12-2008).

URL Prego de condicións:

https://agacal.xunta.gal/sites/default/files/calidade-alimentaria/queixos/DOP_San_Simon_da_Costa_Pliego_de_condiciones_dic_2016.pdf

Enderezo: Praza da Constitución, 13 – 1º
Apartado de Correos 2, 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 250
Correo electrónico: info@sansimondacosta.com
Web: www.sansimondacosta.com

Presidencia: Daniel Pérez Pérez
Rexistros a 31 de decembro de 2024:


Gandeiros inscritos:	377
Queixerías:	9

Volume de actividade no ano 2024:

Produción certificada:	563.291 kg
Valor económico estimado:	5.070.000 €

Zona amparada pola DOP San Simón da Costa

A zona de produción, tanto do leite como do queixo, atópase ó norte da provincia de Lugo e está constituída pola comarca da Terra Chá, que engloba os concellos de: Abadín, A Pastoriza, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba e Xermade.



Produto protexido pola DOP San Simón da Costa

A DOP San Simón da Costa ampara o queixo elaborado con leite procedente de gando vacún das razas rubia galega, pardo-alpina, frisona e dos seus cruzamentos entre si.

O leite será enteiro, limpo, sen costros, nin conservantes, e cunha composición equilibrada de graxa e proteínas, conforme ás características e estación do ano.

O queixo San Simón da Costa comercialízase cunha maduración mínima de 45 días no caso do formato grande (0,8 a 1,5 kg) e de 30 días no caso do formato pequeno ou “bufón” (0,4 a 0,8 kg), procedendo ó rematar a maduración, ó afumado con madeira de bidueiro.

As pezas comercialízanse provistas dunha etiqueta onde se fai referencia a DOP e dunha contraetiqueta numerada e controlada que garante a orixe e calidade do produto.

Características principais do queixo da DOP San Simón da Costa

a) Características organolépticas:

- Forma: intermedia entre trompo e bala, rematando a parte superior en pico.
- Codia: afumada, dura e inelástica, de cor marela-ocre e algo graxenta.
- Pasta: textura fina, graxa, semidura, semielástica e preta, de cor entre branco e amarelo, suave ao corte, con aroma e sabor característicos.
- Ollos: existirán en número non moi elevado, de forma redondeada ou irregular, e de tamaño variable pero inferior a medio chícharo.

b) Características analíticas:

- Estrato seco: mínimo 55%
- Graxa: mínimo 45% e máximo 60% sobre extracto seco
- pH: entre 5 e 5,6

